



# Machismos: de micro nada

Coordinado por Fiadeiras






---

# Machismos: de micro nada

---



Coordinado por Fiadeiras  
maquetación e ilustración Pablo Sio



# Índice

Agradecementos	5
Prólogo	7
Introdución	12
É un sentir	19
Adolfo	22
Aprender a ler	24
De nenos, princesas, machiños e (micro)machismos	26
Non precisas tacóns	28
Aviso a navegantes: Emilia Pardo Bazán	29
Feminista	30
Fotografía retrato Fernanda	36
As palabras	21
Memorias dunha educadora social	37
Aínda non o ves?	79
A incesabel mensaxe	43
Nom há violencia pequena	45
Soliloquio	49
Micromachismos de Bata Branca	51
Todas putas & Unprayer	54
E que fan tantas mulleres xuntas?	56
Muller por dereito	58
Asociación Nos Mesmas	60

Marzo	62
Micro-reflexión sobre o micro machismo	64
Blogueras	65
Teito de cristal & San Valentón	69
Alternactivo (é) feminista	71
Que as tías mans habían ser os teus ollos	80
Tecedora de min	72
A pigmantaçom das plantas	74
Quéro(me)	76
Maltrato	78
Epílogo	81

## Agradecementos

COMPAÑEIRAS E COMPAÑEIROS DE SOÑOS,  
QUEREMOS AGRADECER AS AMIGAS E AMIGOS QUE COLABORARON COAS súas obras para que esta publicación fora posible e un dos soños de Fiadeiras se convertera en realidade. Grazas a Lucía Aldao, Pablo Andrade, Leo Arremecághona, Isaac Castro Neira, Luís Davila “O Bichero”, Eva de la Torre Conde, M<sup>a</sup> dos Anxos García Fonte, Clara Gayo, Manuel González Prieto, Mai Insua, Tareixa Ledo Regal, Juanjo Lorenzo Castiñeiras, Andrea Nunes Brións, Sabela Núñez Singala, Ana María Pérez Rico, Patricia Porto Paderne, Sofía Riveiro Olveira, María Rosendo Priego, Xulia Santiso Rolán, Maite Sío Docampo, Gema Zunzunegui Lamas, Olalla López Barro, As Quetas, Asociación Nós mesmas, Sacha na Horta; tamén a María, Nieves, Raquel, Montse, Bea e Berta, polas súas achegas á campaña a través do blog de Fiadeiras.

Agradecer ademais: a Ana Iglesias Galdo, por todo o coñecemento e colaboración que aporta sempre ao noso grupo; a Lola Ferreiro Díaz, polo seu apoio incondicional e afecto cara nós, por estar sempre disposta a compartir a súa experiencia; ás persoas e entidades mecenas, pois sen o seu apoio non sería posible publicar un libro destas características nestes tempos de crise.

A Raquel López Fernández, a nosa nova Fiadeira, por tecer os últimos fíos e colaborar para que isto fora posible; a Ana Lombardero, Irea Santalla, Iria García, Naiara González, M<sup>a</sup> Fé García e Ánxela Montero por dar voz as primeiras achegas da campaña, o que axudou a súa difusión polas redes virtuais; a Editorial Embora, especialmente a Miguel, por apostar por nós e polo noso proxecto dende o primeiro minuto; a Pablo Sío Docampo, por ilustrar e poñer luz ao noso traballo.

Ao CEESG, a nosa casa.

E á educación social, a nosa metodoloxía para mudar o mundo.





# Prólogo

## *Ana Iglesias Galdo*

“PEQUENAS TIRANÍAS”, “TERRORISMO ÍNTIMO”, “VIOLENCIA BRANDA”, “VIOLENCIA suave”, “violencia de moi baixa intensidade”, “machismo invisible”, “sexismo benévolo”: baixo estas e outras denominacións, en diversos estudos da vida cotiá, noméase o que Luis Bonino acuñou co termo de micromachismos(mM)hai case vinte e cinco anos, e que vén definindo como: “Os pequenos, case imperceptibles controis e abusos de poder case-normalizados que os varóns executan permanentemente. Son hábiles artes de dominio, manobras e estratexias que, sen ser moi notables, restrinxen e violentan insidiosa e reiteradamente o poder persoal, a autonomía e o equilibrio psíquico das mulleres, atentando, ademais, contra a democratización das relacións. Dada a súa invisibilidade exércense xeralmente con total impunidade” (Bonino, 2004: 3).

Como el brillantemente ten explicado, trátase dun neoloxismo composto a partir dos termos “micro” e “machismo”. Co termo machismo chama a atención sobre de manifestacións cotiás do sexismo subxacente na estrutura social, a través de comportamentos de desvalorización cara ás mulleres que, como tamén ten reflexionado Victoria Sau (2000), en certos casos son considerados incluso normais, pasando inadvertidos tanto para as mulleres que os sofren como para os varóns que os poñen en práctica.

En canto ao termo micro, preténdese destacar a práctica de dominación masculina na orde do micros, do capilar, salientando así o seu carácter imperceptible. A referencia ao tamaño pequeno (“micro”) vén derivada do seu carácter de normalidade social, pois ao se tratar dun repertorio condutual comodamente instalado na vida cotiá, frecuentemente é como a única maneira de ver e interpretar o mundo, isto é, convértese no sentido común da maioría social da cidadanía, ao non parecer necesario sometelo á crítica.

É este un termo inspirado nas investigacións que, sobre dos poderes, realizou Michel Foucault, quen propón analízalos moi minuciosamente, ata chegar á súa

parte microscópica: “Trátase de coller o poder nas súas extremidades, nos seus confins derradeiros, alí onde se volve capilar, de asilo nas súas formas e institucións máis rexionais, máis locais (MichelFoucault,1979: 142).

As Fiadeiras saben que un dos eixes fundamentais por onde discorren as relacións de poder son as relacións de xénero, e saben tamén que a ruptura nesa desigual distribución no exercicio de poder vén da man do feminismo, en tanto “aquela tradición política da modernidade, igualitaria e democrática, que mantén que ningún individuo da especie humana debe ser excluído de calquera ben e de ningún dereito a causa do seu sexo [...] Feminismo é pensar normativamente como se o sexo non existise ou non fose relevante [...], pero necesítase porque si existe, si é normativo e ademais sempre é parcial e sempre da mesma maneira: en contra das oportunidades das mulleres e dos seus dereitos” (Amelia Valcárcel, 2009: 14).

MicroMachismos: de micro nada! É unha chamada á indignación, a que nos resulte estraño o feito de que, aínda hoxe, a mediados da segunda década do século XXI, os Mm pasen tantas veces desapercibidos, cando non premiados. As/os feministas sabemos que lonxe de ser insignificantes, son xigantes e mesmo asfixiantes; que funcionan como os virus e que, salvo que se utilice algún antídoto, se reproducirán sen parar. Tomando moi en serio este déficit democrático, sabendo que tal desvantaxe non reside nas mulleres, senón nas relacións sociais que mediatizan as oportunidades das persoas en función do sexo, as Fiadeiras propoñen a súa identificación e unha actitude de Tolerancia cero cara á súa reprodución ou aplauso social.

A lectura conxunta destes textos produce o efecto de visualizar no seu tamaño real algúns mM que, en forma de crenzas, valores, estereotipos e mesmo prexuízos, están implícitos na cultura que, en definitiva, “[...] non é máis que o comportamento común aprendido da especie” (Celia Amorós: 2005: 50).

Neste sentido, as institucións sociais, como reflexionou Fernando Álvarez Uría, actúan coactivamente sobre suxeitos e grupos sociais, e operan á súa vez como estruturas xenerativas das condutas e mentalidades, converténdose nunha especie

de inconsciencia social que, de forma mecánica, irreflexiva, guían a acción social das persoas en determinadas direccións e, para romper o descoñecemento, a amnesia, faise imprescindible obxectivar ese inconsciente social, esa dinámica oculta (2015: 15).

Entendemos que para innovar no sentido común en relación coa igualdade entre mulleres e homes, é imprescindible poñer a disposición da cidadanía contidos culturais relevantes que contribúan a provocar cambios nos niveis de conciencia das persoas. Formular a construción da cidadanía desde este marco obriga a desafiar os mecanismos de sexualización na vida cotiá, en tanto requisito dun proxecto que posibilite a todas as persoas “ser” con independencia de xénero.

Baixo esta finalidade, a educación social opta por colocar a coeducación no lugar que lle corresponde pois “Coeducar hoxe significa buscar novas vías de intervención educativa para desenvolver relacións de xénero máis igualitarias, corrixir os novos desaxustes que se están producindo e que son produto da convivencia de modelos de xénero anacrónicos con novos modelos máis igualitarios” (Pilar Ballarín, 2006: 61).

Para ir nesta onda, de someter a crítica os valores herdados das sociedades patriarcais e avanzar cara a sociedades coeducadoras, esíxesenos un cambio de paradigma: substituír a herdanza cultural machista pola emerxente feminista. Velaí, penso, a proposta, pois os textos seleccionados permiten evidenciar “algúns dos fíos de cor rosa tecidos nas redes educadoras, que son as liñas e direccións en que poderemos puntear o fío violeta” (Celia Amorós, 2005: 304).

Agradecendo ás Fiadeiras o convite –e a confianza depositada–, para escribir este prólogo e advertindo de que a lectura dos textos chega a tocar a nosa biografía persoal, que ten tanto de sociocultural, estou certa de que contribuirá a remover e ampliar o pensamento sobre modos de educación abertamente antisexistas e, por ende, sobre sociedades inclusivas, isto é, sen marca de xéneros.

A Coruña, 15 de setembro de 2015

# Introducción

## Machismos: de micro nada

FIADEIRAS, GRUPO DE TRABALLO DO COLEXIO DE EDUCADORAS E EDUCADORES sociais de Galicia, Ceesg, nace da necesidade de xerar un espazo feminista para o encontro, reflexión e praxe profesional das educadoras e educadores sociais de Galiza; encamiñado a romper cos modelos sexistas, que seguen a frear, a día de hoxe, os avances cara unha sociedade democrática e xusta, e a favorecer a toma de conciencia sobre da imprescindible incorporación da perspectiva de xénero ao noso quefacer profesional.

Os valores fundamentais que sosteñen este quefacer son a igualdade, a xustiza social, a sororidade e a non violencia; imprescindibles para comprometer a praxe do Ceesg e situar o feminismo como valor central da práctica educadora.

No ano 2011, as Fiadeiras comezamos a tecer os nosos fíos violetas. Ao longo deste tempo fomos quen de artellar diversas iniciativas unindo a nosa profesión e o feminismo. Sen dúbida, a relación entre a Educación Social e a loita feminista é mutuamente enriquecedora e mesmo podemos afirmar que son dimensións necesarias –entre moitas outras tamén– para mellorar as condicións do mundo en que vivimos.

As Fiadeiras entendemos que a Educación Social xoga un papel clave no cambio das mentalidades sociais, na medida en que traballamos para lograr o desenvolvemento integral das persoas, sen prexuízos ou estereotipos de xénero ou outra índole, tendo como camiño a seguir a liberdade, o respecto e a convivencia; todos eles piares básicos dunha comunidade igualitaria. Ademais, a educación é unha ferramenta fundamental para poñer en práctica comportamentos críticos e xustos ante calquera tipo de violencia e debe ser transmisora de mensaxes a prol doutro mundo, sen machismos nin patriarcados. Por iso, entendemos que a Edu-

cación Social debería compartir compromiso cos movementos feministas e entidades sociais que denunciem estes feitos, onde as mulleres son (somos) infravaloradas, desacreditadas ou violentadas, para facernos visibles e amosar que unha sociedade igualitaria nos favorece a todas as persoas, sexamos mulleres ou homes.

Dende unha perspectiva máis persoal, participar en Fiadeiras é compartir tempo con mulleres sabias, é sempre unha aprendizaxe constante; é alento ante a soidade que en ocasións acompaña a quen non se acomoda aos patróns normativos, é amizade para darlle pracer á vida.

Sylvia Pankhurst, emblemática sufragista inglesa e unha das fundadoras da Unión Social e Política das Mulleres, advertía de que “non se pode cambiar o mundo tanto como quixeramos pero si se poden dar pequenos toques”, e con esta idea na cabeza, comezamos a artellar a Campaña “Micromachismos. Moito máis que micro” na primavera do ano 2013, con motivo do 8 de marzo; pois dende vai tempo, as Fiadeiras viñamos reflexionando sobre a necesidade de levar adiante unha acción para denunciar o machismo que na vida cotiá continúa afectándonos como mulleres. A idea que nos movía era recoller experiencias de mulleres en relación ás formas sutís en que se presenta o patriarcado, precisamente coa intención de visibilizar a súa importancia.

Foron moitas as narracións, experiencias e vivencias que foron chegando ao noso blogue durante estes dous últimos anos, as cales nos permiten exemplificar a violencia que seguimos aturando na vida cotiá como nenas e mulleres. A partir destas achegas, decidimos empregar os nosos esforzos na elaboración dunha publicación que vos presentamos a continuación; *Machismos: de micro nada*.

Sen dúbida, son moitas as motivacións que nos levan a publicar este traballo de sensibilización e reivindicación dunha vida libre de violencia machista, mais consideramos relevante destacar as seguintes:

- Denunciar que as actitudes e os comportamentos dominantes, que os varóns seguen exercendo en relación ás mulleres, por máis que se manifesten de



forma sutil ou case imperceptible, son formas de violencia que reproducen a desigualdade de valor e oportunidade en función do xénero. Estes elementos de control e dominio teñen sido identificados como de baixa intensidade, pero a mente e o corpo que os padece quizais non teñan a mesma opinión; pois a violencia que padecemos, sexa do tipo que sexa, é unha coacción ás nosas posibilidades de ser. Cando polo feito de ser mulleres somos humilladas, sobrecargadas de traballos, tutorizadas, controladas, sexualizadas, silenciadas... Cando non somos escoitadas, tomadas en serio, valoradas, libres... En todos estes casos estamos sendo violentadas e fronte a iso non hai gradacións posibles.

- Sensibilizar á cidadanía, sobre a importancia de debater sobre todo o que nos afecta ás mulleres, sen censuras, sen tabús, sendo libres de pensar e falar por nós mesmas
- Concienciar ás educadoras e educadores sociais sobre o valor que supón integrar unha ollada feminista no noso labor para que este sexa efectivamente unha praxe a prol da igualdade e da liberdade das persoas coas e para as que traballamos.
- Construír modelos de poder en feminino, onde as actitudes que proliferan e florecen se relacionen coa cooperación e a solidariedade; poñendo en valor as dinámicas do autocoidado nos grupos de acción sen necesidade de esgotarnos no intento.
- Loitar polo empoderamento e sororidade das mulleres: desde as mulleres, coas mulleres e para as mulleres; construíndo espazos de encontro e redes onde as protagonistas do cambio sexan as voces femininas, as nosas voces.

Partindo de todos estes elementos, o traballo que aquí se presenta parte das experiencias que diversas mulleres tiveron a ben compartir con nós. Son todas as que están, pero non están todas as que son; pois nalgúns casos, houbo para quen o

proceso de (re)encontro persoal con certos episodios vitais resultou excesivamente doloroso como para compartilo. Precisamente, esta imposibilidade de compartir o que nos pasa ou o que vivimos dá conta de que non son cuestións nimias ou baladís, de aí que rexeitemos a súa conceptualización como “micro”. O machismo é violencia, con tódolos graos que se lle queiran poñer, pero violencia ao fin e ao cabo.

A través desta publicación evidénciase como cunha boa organización, as mulleres podemos chegar a facer grandes ou pequenas cousas (pero poder facer é o reto), considerándoo como un paso máis de unión, fortalecemento e dignidade das mulleres. Por iso, queremos agradecer a todas a vosa colaboración e acompañamento na loita feminista.

Nós, as mulleres, tamén existimos e SOMOS DE FIAR.

As Fiadeiras somos: Eva Bastón Martínez, Isabel Taboada Mougán, Natalia Domínguez Galán, Noelia Darriba García, Maite Sío Docampo e Tania Merelas Iglesias.

## É un sentir

*Sofía Riveira Olveiro*

O CAMIÑO É UNHA OPORTUNIDADE FANTÁSTICA DE RECOÑECERNOS NÓS co mundo, cada quen co que lle rodea e con quen lle rodea.

Fai pouco fixen o Camiño a Fisterra, ó fin do mundo mitolóxico, cun grupiño de colegas. Tivemos ocasión de falar, xogar, divertimos, discutir, cansarnos, entendemos e tamén coñecemos mellor entre nós. Nesta viaxe, como noutras, tamén saíron os debates arredor das mulleres, dos homes, do feminismo, da igualdade, do machismo, e tamén tivemos que escoitar os típicos tópicos comentarios que acompañan estas conversas. Sentir o ton despectivo de certos comentarios, sentir que che increpan polo que fas ou non fas para que algo cambie. Sentir que persoas da máxima confianza e cariño ven do mundo de maneira distinta e incluso inxusta e quedar incrédula ante certas afirmacións. E sentir palabras que provocan sorrisos, para compensar o equilibrio.

Concordo con quen dixo que unha vez postas as gafas de xénero vense as cousas doutra maneira e xa non as podes quitar. E con esas gafas violetas miramos o mundo machista no que estamos e indígnome, porque sinto que si damos un paso para adiante, coa distancia, danse outros dous para atrás. Recordar doe (dicía o queridísimo profesor Herminio Barreiro, falando tamén sobre a súa propia vivencia de fillo de mestra e mestre de escolas rurais, onde a vida non lle foi doada). Recordar doe tamén cando temos patente a imaxe e a frase dunha persoa á que admiras polas súas capacidades e actitudes, pero que algo lle falta se non ten tamén esa ollada feminista, esa ollada dende a xustiza social pola igualdade real. As persoas que nos rodean algo nos coñecen e xa nos meten no mesmo saco cando nos xuntamos varias persoas que pensamos que o feminismo é unha cuestión prioritaria e unha maneira de vivir, é unha actitude ante a vida e ante as persoas que pasan pola nosa vida. O feminismo é un sentir.

Se algo aprendín no Camiño é que os pasos que se dan son cara adiante, sempre, e que o peor ante o cansazo é pararse, pois hai que volver a empezar, “quentar motores” para arrancar de novo, e iso custa, moito; por iso debemos avanzar, aínda que sexa paseniño, e denunciar comentarios, feitos ou situacións que non nos agraden, veñan de quen veñan, sen parar, camiñando. Custa menos dicirlle ó do taller que eu sei sacar o coche do garaxe marcha atrás, que dicirlle á túa parella que non che gustan as bromas que fai ou as obscenidades que di. Chamarlle a atención á túa nai sobre como fai as cousas ou se dirixe a teu pai ou a teu avó, custa. Teremos pois que buscar de entre o noso repertorio de habilidades sociais, como educadoras sociais, as máis idóneas e aplicalas, poñelas en práctica e probar, pero non pararse.

Ás veces non son aspectos visibles, directos e palpables senón que son, máis ben, “un sentir”, pero estremécete e non che deixa indiferente, polo tanto, é que algo está a pasar. Ás veces é un bufido, outras, unha contestación e outras, un marcharse de alí, pero algo sucede. É un sentir.

Penso que cada vez somos máis persoas que detectamos os machismos de todo tipo, que os combatemos e os denunciados; pero, ó igual que unha mala herba, non é doado acabar coa raíz e acaba agromando aínda no contexto máis sensibilizado e combativo. De aí o que nos poñamos radicais, contra a raíz do problema.

O perigo, que agroma de maneiras infinitas e descoñecidas.

A esperanza, que sabemos que existe e que lle podemos poñer fin.

Ninguén dixo que fose doado ou que non supuxese un esforzo de coherencia sublime, pois tamén nos miran con lupa todo o que facemos (non sei de que cor serán esas gafas coas que nos miran) pero vennos que facemos Camiño e que chegaremos ó Fin, para sentirmos completas, como persoas en convivencia e para transformar o mundo (as persoas que viven no mundo), dende a igualdade real. Tamén para iso, temos un sentir.



La arruga es bella [Pablo Sio](#)



## Adolfo

*Leo Arremecághona*

“LA ARRUGA ES BELLA”. PERO AS ENGURRAS DA MIÑA VELLA, ADOLFO. Miñanai era unha costureiriña bonita coma a de Rosalía. Ti estás rico á súa conta, Adolfo. Ela, á túa, está vella. Ben pensado, Adolfo, todo llo debes.

Ela non che debe.

Dunha volta estiven na túa casa, Adolfo. Nos quince minutos que tardamos en chegar, en coche, dende o portón á vivenda, Adolfo, deume tempo de pensar. Comparaba as hectáreas do teu predio co metro cadrado dos talleres en que Miñanai traballaba para ti. Adolfo. Pensaba no listo que fuches ao explotar a meirande fonte de riqueza da nosa matria. As engurras das nosas vellas, Adolfo.

Hai un sitio onde a miña vella non ten engurras: a xema dos dedos da man de obra cualificada de Miñanai, Adolfo. É o único dela que non me parece bonito cando a vexo. A ti parecerache bonito. *Bello*, Adolfo. Gastáronse contra o liño dos teus traxes.

Pódote atuar, Adolfo? Coñecémonos. Perdóame ou agradéceme que non te apeleide, Adolfo

P.S.: Devólvenos o roubado. Debes.

## Aprender a ler

*Leo Arremecághona*

\*A outra cando me explicou que á Marquesiña lle chamaban así porque o Marqués violara a súa nai.

Que non eran marqueses os que lle inventaran o alcume.

Que a ironía en Galicia que se chama retranca.

Que a retranca é a arma dos pobres contra si ou contra todo.

Que cando non move á indignación é posmoderna, pós modernos.

Que cando si, que algo se move.

En serio.

Que cando les un texto coma este, botas o resto da túa vida a lelo.

Chamabanlle a “Marquesiña” e os seus peños endexamais se calzaron.

Durme, neníño, que teño que facer / lava-los pañales, planchar e coser...

Vai á fonte, depelica patacas e chámanlle a Marquesiña.

Na única foto que miña nai ten de cando era pequena, sae de par dun globo terraqueo, na escola

Non foi á escola por non ter chombra que pór, e chámanlle a Marquesiña.

As súas notas eran notable e sobresaliente, eu vinas. Destacaba en matemáticas. Quitaron de estudar por ser muller e a duras penas se informou para dar sido costureira, coa señora Henriqueta, unha comunista que lle falaba da Unión Soviética e vivía arrexuntada en plena longa noite de pedra.

Non probou máis lambetadas que unha pedra de zucre, e chámanlle a Marquesiña.

Pasteles. Decía que de cativa quedaba aparcada mirando para os escaparates cheos de paxtélex. Así ditos. Aquelex paxtélex.

A súa nai é tan probe que traballa de xornaleira na casa do Marqués.

Miñana aprendeume a ler dúas veces. Unhacando me metía na cama a canda ela a xogar a que lía, co libro do revés case sempre \*

¡E aínda lle chaman a Marquesiña!


E aínda lle, chaman Marquesiña.



# De nenos, princesas, machiños e (micro)machismos

*M<sup>a</sup> dos Anxos García Fonte*

*Este comentario xorde dunha experiencia nas aulas do centro onde traballo este ano como titora dun 1º de ESO*



## **O espertar da sexualidade**

O universo dun instituto de educación secundaria constitúe un marco privilexiado para observar como se reproduce a ideoloxía de dominación de xénero. Os rapaces chegan a un espazo novo procedentes de distintas escolas e deben reubicarse e resignificarse a toda velocidade no novo espazo social. A esta urxencia sobreponse a crise da puberdade: os corpos cambian rapidamente e con eles aparecen novas inquietanzas con respecto a un mesmo e con respecto aos demais. As rapazas, polo xeral máis adiantadas no grao de madurez sexual, adoptan unha actitude máis activa: examínanse e compáranse coas demais; observan e buscan contacto con rapaces maiores e conségueno sen moitas dificultades. Os rapaces, case sempre máis miúdos e inmaduros a esa idade, séntense á marxe e con moita frecuencia adoptan á desesperada actitudes que reafirmen a súa posición.

## **Asumindo roles de xénero estereotipados**

Uns e outros tenden a repetir estereotipos aprendidos

da nosa tradición cultural: eles séntense con dereito para insultar, inflinxir pequenos castigos ás súas compañeiras e a bisbarlles obscenidades que soan a bravuconadas; elas levan ao extremo a súa preocupación polo seu aspecto físico: a roupa e o cabelo tómanse unha auténtica obsesión. É certo que non lles gusta ser obxecto de bromas obscenas e moito menos de insultos, pero tampouco ser ignoradas e iso lévaas, ás veces, a transixir e mesmo a sentir orgullo cando son alcanzadas por algunha manifestación de micromachismo.


### **Detectar, reflexionar, corrixir**

Por todo isto, coido que é moi importante incidir na educación sexual e afectiva desde os primeiros cursos da educación secundaria: é o momento xusto en que, á par dun corpo maduro sexualmente, se forxa unha maneira de asumir ese corpo en relación ao dos demais. Contamos coa vantaxe de que están nunha idade dominada aínda pola curiosidade infantil e non teñen opinións definitivas. O seu estado de crise favorece que estean dispostos a escoitar unha nova visión das cousas, ou polo menos a participar nun espazo onde poidan pensar e falar diso que tanto os preocupa. Podemos analizar eses pequenos comentarios, xestos, accións (ou omisións) que xorden todos os días nas clases e no patio. A partir desa análise, detectar aqueles que teñen que ver coa reprodución do papel de “macho dominante” e “muller submisa” co obxectivo de favorecer a reflexión sobre o que conlevan e intentar corrixilos ofrecendo modelos baseados no respecto e a colaboración.

Queremos educar nenas que non queiran ser vítimas e nenos que se neguen a ser abusóns. Queremos aprender o valor da diferenza en termos de igualdade.

## Non precisas tacóns, eres alta!!

Ana María Pérez Rico



NON PRECISAS TACÓNS, ERES ALTA!, PRETENDÍA SER UN PIROPO, ISO QUE ás veces os homes pensan que merecemos, ou que precisamos. Esa palmada nas costas que eles reciben sen ningún esforzo.

Alta para que? En que momento do meu desenvolvemento gañei ese privilexio de non precisar tacóns, realmente en que escala de valores pode ser alta considerada un mérito?. Só nesa que nos presiona todos os días, nesa na que o físico, (non escollido por nós, polo tanto casual ou anecdótico), é o que importa. É tal a valoración social dese piropo físico, que nos marca dende pequenas, que guapa!, que ben che queda o pelo así!, que bonito ese vestido!, parece unha princesa!, . . . , son expresións que continuamente repetimos ás nenas, aprendéndolles, cunha lección tediosa e repetitiva, que elas non contan, que o que conta é o seu aspecto. . . , situá-molas nun camiño difícil de desandar, nun sendeiro onde “dar a talla” non é un eufemismo.

Hai que ser moi forte para construír unha autoestima positiva, un autoconceito equilibrado, neste contexto. É difícil empoderarnos con tantos prexuízos sobre nós ao noso redor, pero. . . , debemos ser personaxes realmente fantásticas, pois cada vez hai máis mans libres que tenden fíos de ferro para construír unha vía diferente.

## Aviso a navegantes: Emilia Pardo Bazán

*Xulia Santiso*

“Este cuento sin duda es uno de las más logradas diatribas contra la desigualdad en la institución matrimonial”

“FEMINISTA” É UN TEXTO APENAS ESTUDADO (SEGURAMENTE POR CONFLICTIVO) que cuestiona a institución matrimonial e desmitifica o rol da muller da súa casa, na liña con Concepción Arenal (1916), fronte a *La perfecta casada*, libro moi de moda no XIX que Fray Luis de León escribira en 1584.

É feminista porque é igualitario. Complementa aspectos sobre a igualdade no seu amplo abano, igualdade de xénero no travestismo tráxico-cómico e igualdade de execución, usando o escarmento como recurso, igual que a súa moi admirada María Zayas. Neste conto non hai maltrato físico. Unicamente un pequeno insulto. Dous personaxes humillados en sucesión e relevo, dúas figuras que en momentos distintos da vida conxugal alternan os seus roles.

Polo “atrevemento” que implicaba expoñer o maltrato doméstico na prensa diaria daquel entonces, Emilia trasládalo á ficción baixo o traxe de farsa; un exemplum que delega en narradores. Unha ficción que, neste caso, non deixaría de suscitar o sorriso burlesco daquelas lectoras que simpatizarían ou “empatizarían” coa suposta “heroicidade” de quen se erixira de vítima en estritísima equivalente no “relevo de poder”. Quizais tamén fora un “aviso a navegantes”...

Reláxense e gocen con ironía galaica da boa. Son outros tempos, outras maneiras, pero a literatura de Emilia é rica en palabras, e en ideas. Que mellor maneira de contribuír a esta publicación que con un bo conto escrito por ela.

## Feminista

*Emilia Pardo Bazán*

FUE EN EL BALNEARIO DE AGUASACRAS DONDE HICE CONOCIMIENTO CON aquel matrimonio: el marido, de chinchoso y displicente carácter, arrastrando el incurable padecimiento que dos años después le llevó al sepulcro; la mujer, bonitilla, con cara de resignación alegre, cuidándole solícita, siempre atenta a esos caprichos de los enfermos, que son la venganza que toman de los sanos.

Conservaba, no obstante, el valetudinario la energía suficiente para discutir, con irritación sorda y pesimismo acerbo, sobre todo lo humano y lo divino, desarrollando teorías de cerrada intransigencia. Su modo de pensar era entre inquisitorial y jacobino, mezcla más frecuente de lo que se pudiera suponer, aquí donde los extremos no sólo se han tocado, sino que han solido fusionarse en extraña amalgama. Han sido generalmente prendas raras entre nosotros la flexibilidad y delicadeza de espíritu, engendradoras de la amable tolerancia, y nuestro recio y chirriante disputar en cafés, círculos, reuniones, plazuelas y tabernas lo demostraría, si otros signos del orden histórico no bastasen.

El enfermo a que me refiero no dejaba cosa a vida. Rara era la persona a quien no juzgaba durísimamente. Los tiempos eran fatídicos y la relajación de las costumbres horripilantes. En los hogares reinaba la anarquía, porque, perdido el principio de autoridad, la mujer ya no sabe ser esposa, ni el hombre ejerce sus prerrogativas de marido y padre. Las ideas modernas disolvían, y la aristocracia, por su parte, contribuía al escándalo. Hasta que se zurciesen muchos calcetines no cabía salvación. La blandenguería de los varones explicaba el descoco y garrulería de las hembras, las cuales tenían puesto en olvido que ellas nacieron para cumplir deberes, amamantar a sus hijos y espumar el puchero. Habiendo yo notado que al hallarme presente arrebataba en sus predicaciones el buen señor, adopté el sistema de darle la razón para que no se exaltase demasiado.



No sé qué me llamaba más la atención, si la intemperancia de la eterna acometividad verbal del marido, o la sonrisilla silenciosa y enigmática de la consorte. Ya he dicho que era ésta de rostro agraciado, pequeña de estatura, delgada, de negrísimos ojos, y su cuerpo revelaba esa textura acerada y menuda que promete longevidad y hace las viejecitas secas y sanas como pasas azucarosas. Generalmente, su presencia, una ojeada suya, cortaban en firme las diatribas y catilinarias del marido. No era necesario que murmurase:

—No te sofoques, Nicolás; ya sabes que lo ha dicho el médico...

Generalmente, antes de llegar a este extremo, el enfermo se levantaba y, renqueando, apoyado en el brazo de su mitad, se retiraba o daba un paseito bajo los plátanos de soberbia vegetación.

Había olvidado completamente al matrimonio —como se olvidan estas figuras de cinematógrafo, simpáticas o repulsivas, que desfilan durante una quincena balnearia—, cuando leí en una cuarta plana de periódico la papeleta: «El excelentísimo señor don Nicolás Abréu y Lallana, jefe superior de Administración... Su desconsolada viuda, la excelentísima señora doña Clotilde Pedregales...». La casualidad me hizo encontrar en la calle, dos días después, al médico director de Aguasacras, hombre muy observador y discreto, que venía a Madrid a asuntos de su profesión, y recordamos, entre otros desaparecidos, al mal engestado señor de las opiniones rajantes.

—¡Ah, el señor Abréu! ¡El de los pantalones! —contestó, riendo, el doctor.

—¿El de los pantalones? —interrogué con curiosidad.

—Pero ¿no lo sabe usted? Me extraña, porque en los balnearios no hay nada secreto, y esto no sólo se supo, sino que se comentó sabrosamente... ¡Vaya! Verdad que usted se marchó unos días antes que los Abréu, y la gente dio en reírse al final, cuando todos se enteraron... ¿Dirá usted que cómo se pueden averiguar cosas que suceden a puerta cerrada? Es para asombrarse: se creería que hay duendes...

En este caso especial, lo que ocurrió en el balneario mismo debieron de fisgarlo las camareras, que no son malas espías, o los vecinos al través del tabique, o... En

fin, brujerías de la realidad. Los antecedentes parece que se conocieron porque allá de recién casado, Abréu, que debía de ser el más solemne majadero, anduvo jactándose de ello como de una agudeza y un rasgo de carácter, que convendría que imitasen todos los varones para cimentar sólidamente los fueros del cabeza de familia.

Y fíjese usted: los dos episodios se completan. Es el caso que Abréu, como todos los que a los cuarenta años se vuelven severos moralistas, tuvo una juventud divertida y agitada. Alifafes y dolames le llamaron al orden, y entonces acordó casarse, como el que acuerda mudarse a un piso más sano. Encontró a aquella muchacha, Clotildita, que era mona, bien educada y sin posición ninguna, y los padres se la dieron gustosos, porque Abréu, provisto de buenas aldabas, siempre tuvo colocaciones excelentes. Se casaron, y la mañana siguiente a la boda, al despertar la novia, en el asombro del cambio de su destino, oyó que el novio, entre imperioso y sonriente, mandaba:

—Clotilde mía..., levántate.

Hízolo así la muchacha, sin darse cuenta del porqué; y al punto el esposo, con mayor imperio, ordenó:

—¡Ahora..., ponte mis pantalones!

Atónita, sin creer lo que oía, la niña optó por sonreír a su vez, imaginando que se trataba de una broma de luna de miel..., broma algo chocante, algo inconveniente...; pero ¿quién sabe? ¿Sería moda entre novios?...

—¿Has oído? –repitió él–. ¡Ponte mis pantalones! ¡Ahora mismo, hija mía!

Confusa, avergonzada, y ya con más ganas de llorar que de reír, Clotilde obedeció lo mejor que pudo. ¡Obedecer es ley!

—Siéntate ahora ahí –dispuso nuevamente el marido, solemne y grave de pronto, señalando a una butaca. Y así que la empantalonada niña se dejó caer en ella, el esposo pronunció–: He querido que te pongas los pantalones en este momento señalado para que sepas, querida Clotilde, que en toda tu vida volverás a ponértelos. Que los he de llevar yo, Dios mediante, a cada hora y cada día, todo el



tiempo que dure nuestra unión, y ojalá sea muchos años, en santa paz, amén. Ya lo sabes. Puedes quitártelos.

¿Qué pensó Clotilde de la advertencia? A nadie lo dijo; guardó ese silencio absoluto, impenetrable, en que se envuelven tantas derrotas del ideal, del humilde ideal femenino, honrado, juvenil, que pide amor y no servidumbre... Vivió sumisa y callada, y si no se le pudo aplicar la divisa de la matrona romana, «Guardó el hogar e hiló lana asiduamente», fue porque hoy las fábricas de género de punto han dado al traste con la rueca y el huevo de zurcir.

Pero Abréu, a pesar de la higiene conyugal, tenía el plomo en el ala. Los restos y reliquias de su mal vivir pasados remanecieron en achaques crónicos, y la primera vez que se consultó conmigo en Aguasacras, vi que no tenía remedio; que sólo cabía paliar lo que no curaría sino en la fuente de Juvencia... ¡Ignoramos dónde mana!

Su mujer le cuidaba con verdadera abnegación. Le cuidaba: eso lo sabemos todos. Se desvivía por él, y en vez de divertirse -al cabo era joven aún-, no pensaba sino en la poción y el medicamento. Pero todas las mañanas, al dejar las ociosas plumas el esposo, una vocecita dulce y aflautada le daba una orden terminante, aunque sonase a gorjeo:

—¡Ponte mis enaguas, querido Nicolás! ¡Ponte aprisa mis enaguas!

Infaliblemente, la cara del enfermo se descomponía; sordos reniegos asomaban a sus labios..., y la orden se repetía siempre en voz de pájaro, y el hombre bajaba la cabeza, atándose torpemente al talle las cintas de las faldas guarnecidas de encajes. Y entonces añadía la tierna esposa, con acento no menos musical y fino:

—Para que sepas que las llevas ya toda tu vida, mientras yo sea tu enfermerita, ¿entiendes?

Y aún permanecía Abréu un buen rato en vestimenta interior femenina, jurando entre dientes, no se sabe si de rabia o porque el reuma apretaba de más, mientras Clotilde, dando vueltas por la habitación, preparaba lo necesario para las curas prolijas y dolorosas, las fricciones útiles y los enfranelamientos precavidos.

## As palabras

*Ana María Pérez Rico*

MINIMIZAMOS CONTINUAMENTE O PODER DAS PALABRAS, E ELAS SON AS que pintan a nosa realidade. Mímannos ou fírennos, atrapannos ou deixannos ir. Elas poden ser terriblemente violentas, ou deliciosamente turbadoras, incluso, ás veces, sin que o pretendamos.




Non entendo como podemos escudarnos na economía da linguaxe para excluír. Realmente, a linguaxe debe ser económica?, ou é moito máis custosa para unha sociedade pretender excluír o cincuenta por cento da poboación. Non existe o masculino xenérico cando nós non nos vemos reflexadas nel, e peor aínda, cando ocultamos @s nosas fill@s unha imaxe feminina, un mundo real no que medrar en pé de igualdade.

As palabras que negamos tamén gozan dun increíble poder.

## Memorias dunha educadora social

*Fiadeiras*

*Non calar. Non consentir. Non sentir culpa.*



ESTAS SON ALGUNHAS DAS CUESTIÓNS QUE AS mulleres debemos ter presentes, xa dende nenas. Como educadora social, cada vez que entro na aula dalgún centro escolar para impartir obradoiros de Igualdade con adolescentes, sempre pasa pola miña mente a mesma idea. Ás veces coméntoo ao alumnado, outras veces, penso interiormente e sinto un desgarró que se repite de forma continua no meu interior. É un pensamento que resulta duro, queima nas orellas e doe no corazón pola certeza das verbas que contén. Pero moitas veces a realidade supera a ficción. Na miña cabeza resoa a seguinte frase: “moitas das nenas e das mulleres que estamos hoxe aquí probablemente sufriremos algún episodio de violencia machista ao longo das nosas vidas”.

Esta bomba resulta devastadora para moitas das rapazas e algúns dos rapaces. De repente, o silencio apodérase do grupo e despois dun anaco no que intercambian olladas incrédulas, manifestan a súa desaprobación ante o que consideran unha esaxeración de magnitudes estratosféricas. “Que quererá dicir esta tía con iso?”; “Eu non son parva”; “Eu non me vou deixar”; “Quen aguanta a violencia é porque quere”; “Algo farán para merecer o que lles pasa”... Son algúns dos comentarios que se lanzan na

defensa do mundo que coñecemos, coma se non fose posíbel mudalo; coma se a desigualdade social, económica, laboral, cultural, educativa... que vivimos as mulleres non existise.

Estes comportamentos son propios de quen non quere ver a realidade que se lle presenta, quizabes nun intento de autoprotección. Absurdo. Inútil. Perigoso. O avestruz agocha a cabeza, máis os depredadores seguen estando ao seu redor. En relación á violencia de xénero comportámonos tal que así, pois desvelar as propias experiencias supón dor e sufrimento. “Nós non somos mulleres maltratadas, esas son outras, pobriñas elas”. Sen embargo, todas e cada unha de nós, mulleres e nenas do mundo, podemos contar episodios vitais que parecen saídos dunha película de denuncia social. Todas vivimos en violencia máis ou menos grave, máis ou menos paralizante, . . . máis ou menos o que queiramos, porque a violencia non se gradúa, síntese. Nós mesmas a sentimos.

Todas temos experiencias e hoxe non queremos gardalas. É tempo de non calar o que sentimos e como nos sentimos por dentro, de compartir os machismos que nos amolan na vida cotiá e dende fai anos. Falar sobre a aquilo que nos oprime, falar sobre o que nos impide ser como nos pete. Non a modo de couceo vitimista, senón como suxeitos conscientes do contexto propio e da forza vital para mudar aquilo que non gusta.

Os “micromachismos” envolven o cotiá coa súa presenza sutil, máis non por iso menos importante. O efecto que teñen é igualmente devastador, pois anulan os desexos, as aspiracións, as decisións, os divertimentos da metade da humanidade, sempre a mesma metade. Non hai nada de micro no seu fondo, ás veces tampouco na súa forma. O obxectivo é o mesmo, manter ás mulleres dentro dos límites que a sociedade patriarcal considera propios do sexo feminino. Unha vez máis, ¿como medimos o impacto da violencia na nosa vida? ¿Por que nos referimos a ela como algo “micro”? É violencia. A vida diaria está impregnada de ideoloxía e contido machista. Se fago memoria, podo recompilar dúcias de situacións nas que me sentín agredida, invadida,

minimizada.

Recordo un amigo do meu pai, cando eu era pequena e os acompañaba ao bar, el sempre intentaba falarme e tocarme, isto era algo que non me gustaba. Unha vez que me fixen maior, xa na adolescencia, el continuaba meténdose comigo, comentando detalles do meu corpo e facendo preguntas indiscretas sobre a miña sexualidade. Iso si, facíao dun xeito sutil, “micro” se queremos, de forma que parecía que só eu era consciente do verdadeiro significado que tiña o seu comportamento. O resto do mundo observaba dende a normalidade absoluta.

Recordo a masturbación dun home diante miña e dun grupo de amigas namentres xogábamos nun parque próximo á nosa casa.

“porque a  
violencia non  
se gradúa,  
síntese. Nós  
mesmas a  
sentimos.”

Recordo momentos nos que non fun consideraba dona de min. Profesionais da sanidade, amizades, familia... calquera, intentaba decidir sobre o meu corpo e as miñas decisións. Empregando argumentos como “neste momento non estás ben para tomar esta decisión”, “o mellor sería que non o fixeras”, “isto será o mellor para ti, xa o verás”, sen tan sequera escoitar o que ti queres.

Recordo a verba marimacho. A súa presenza acompañoume ao longo da miña infancia e adolescencia sempre que intentaba facer algo ou comportarme dunha forma que non era tipicamente feminina. Se me emporcaba no barro, era marimacho; se me divertía construíndo unha cabana no monte, era marimacho; se manifestaba o meu desgusto pola cor rosa ou os tons pastel, era marimacho; se xogaba ao fútbol e me apaixonaban os deportes, era marimacho; marimacho, marimacho, marimacho.

Recordo deixar de practicar deporte por non ter equipo no que xogar. Primeiro, no caso do fútbol non había posibilidade de configurar un equipo mixto polo que a única oportunidade era adestrar cos meus, nunca ía poder xogar un partido. Como non era moi estimulante, decidín cambiar a outro deporte que parecía acoller algo mellor ás rapazas, o voleibol. A pesar dos anos de triunfos e derrotas cando chegaron

os dezaseis o equipo desfixose por falta de mozas, e as poucas que quedamos non recibimos alento para continuar.

Recordo o día que decidín que as saias, especialmente as “mini”, non eran para min. Estaba paseando con miña nai polo barrio e un “machote” fixo varios comentarios lascivos sobre o meu corpo, sobre a miña roupa. Miña nai puxo o grito no ceo, ameazouno con partille a boca, pero o dano xa estaba feito. Quizabes por isto non me gustan as minisaias nin os micromachismos.

Recordo acudir á Garda Civil para denunciar unha agresión sexual que aconteceu na rúa. Os homes de verde fixéronme sentir máis culpábel do que xa me sentía coas súas preguntas e comentarios: “pero, ¿seguro que non o coñecías?”, “¿que facías a esas horas?...” ¿Por que non retellan a cachola?

Recordo ir ao bar coa miña parella. Sentarnos nunha mesa para pasar un bo rato e falar sobre mil e unha cousas entre risas. No momento que se achega a camareira ou camareiro do local pedimos as nosas consumicións, cada quen a súa, que temos boca propia. Un café e unha caña. ¿Adiviñades para quen é sempre o café? ¿E que non me escoitaron pedir a caña?

Recordo deixar de xogar co meu veciño porque pretendía saciar a súa curiosidade adolescente explorando o meu corpo. Rozarche o cu, amago de tocarche un peito,... mais eu, ¡non tiña o forno para bolos!

Recordo leccións culinarias sobre o arroz que se pasa. “Busca parella”, “cásate”, “ten fillas e fillos”... Conversas triviais nas que calquera persoa se mete na túa intimidade cunha pregunta sinxela pero directa “¿e logo a ti cando che toca?”. ¿Falamos da lotería? Non sei, non xogo moito.

Recordo traballar nunha empresa onde se valoraba máis a miña presenza física que o meu talento e competencia para as función que tiña encomendadas. O rímmel sempre é o primeiro.

“anulan os  
deseños, as  
aspiracións, as  
decisións, os  
divertimentos  
da metade da  
humanidade,  
sempre  
a mesma  
metade.”

Recordo o cuestionamento da miña identidade como feminista que me somerxe nunha permanente loita argumental contra os prexuízos sociais e as etiquetas que che colgan diariamente. “Aquí está a feminista!”, “e ti que opinas, feminista?”. Incluindo comentarios dirixidos á túa parella... “Pobriño, o que ten que aguantar”.


Todos estes recordos e moitos outros que non veñen ao caso, estimularon a miña capacidade de indignación co mundo patriarcal. Ao mesmo tempo, agromou en min un compromiso firme coa defensa dos dereitos das mulleres e das nenas. Como educadora incorporo as claves do feminismo para mellorar a miña práctica profesional e participo dun colectivo no que intercambiamos coñecementos e deconstruímos o mundo que nos rodea. Como muller, pelexo cada minuto por ser feliz, por sentirme libre e por tomar as miñas decisións.

Nós falamos, nós queremos, nós decidimos.




## Aún no o ves?

Carolina Rodríguez Arajol /  
Asociación Enriqueta Otero







## A incesábel mensaxe

*Maite Sío Docampo*

CHEIRO A CAFÉ ACABADO DE FACER, TORRADAS E MARMELADA. COMO cada mañá, Uxía prepara o almorzo. Mentres se viste, escóitase o telexornal. Informan do guapa que ía doña Letizia co seu novo look, e ao final, xa case rematando a noticia, falan do bo discurso que deu. Uxía moléstase, unha vez máis, polas banalidades sobre o físico da muller que cobren o importante: o seu feito.

Uxía bótase a camiñar e cruza o aparcadoiro. Os cristais dos coches están cheos de propaganda. Unha muller case espida e nunha postura sexual invita a pasarse polo local de noite de moda. Uxía cólleo, enrúgao e tírao ao lixo. Continúa cara ao parque; se o cruza, chegará axiña. A paisaxe da cidade está inundada de publicidade con mulleres esqueléticas mostrando as novas tendencias da roupa.

Vai con présa. Quédanlle poucos minutos para entrar no traballo. Vira na esquina da biblioteca e atopa un rapaz andando cara ela. Uxía non lle presta atención, vai repasando mentalmente a axenda. Cando o mozo chega á súa altura, dálle unha forte palmada no cú. Uxía, sobresaltada, ponse tensa. Xírase e pasmada abre a boca. Non pode crer o que acaba de acontecer. Pregúntalle se é imbecil, pero o rapaz nin se xira, continua o seu andar con toda a calma. Uxía vólvese a xirar, mira cara aos lados, non hai ninguén, ninguén viu o sucedido. Bota a andar. “És imbecil? Por que lle fago esa pregunta se está claro que o é!” Pensa. Síntese fatal. “É así de fácil? Poden tocarte e xa está? Todo queda así?”. Uxía síntese mal, triste e incómoda. Ten ganas de chorar. O feito recordalle as fotografías das festas dos San Fermíns en Pamplona, todas esas mulleres ás que lles tocan o peito, o cú, o seu sexo en medio do xentío. Sinte repugnancia.

“Ring, ring”. Chámalle por teléfono unha amiga. Cóntalle o sucedido na esquina da biblioteca e alucina. Uxía exprésalle o seu malestar, mais esta réstalle importancia, dille “bueno, polo menos gustácheslle a un rapaz, non? Pensao así”. Uxía queda

quieta. Non é quen de articular palabra. Baixa a cabeza e leva a mirada ao ordenador.

“Din, don!” Soa o timbre. Acaba de chegar o xerente da tenda de mobles, quere ver o baño onde irá situado o armario para os utensilios de limpeza.

—Perfecto, o armario que temos preparado terá espazo de sobra para que a señora da limpeza teña a man o que precisa.

—É un home, o da limpeza digo –corríxelle Uxía.

—Ah, bueno, o que sexa.

Son aínda as dez da mañá. O acontecido na esquina da biblioteca deixalle un sentimento de tristura e desazo durante todo o día. Síntese incómoda, utilizada e culpable.

En realidade Uxía non se chama Uxía. Chámase Maite. Pero ben podía chamarse Carmen, Xiana ou María.

Ao longo do día son moitos os feitos, actitudes e comportamentos que, de xeito sutil, nos dominan, nos invisibilizan, nos deixan en desigualdade e exercen a violencia sobre todas nós.

Sobrecárgasenos de traballo, contrólasenos, sexualízasenos, desvalórasenos e coacciónanse as posibilidades do noso ser. Ata cando imos gardar silencio?

# Nom há violència pequena

*Sacha na Horta*

Escoita nena,  
nom há violència pequena.  
Fomentas o que consintes,  
nom estás soa: Resiste!

Está na casa, está na escola,  
está nos velhos e nas mais novas.  
Está na fala, está na loita,  
chamam-lhe micro pero esta em todas.

Está na festa, nas brincadeiras,  
está no curro e nos mass media.  
Está no sexo e na apariência,  
chamam-lhe micro pero está em todas.

Está no corpo, está na alma,  
está nos sonhos, está em quem ama.  
Está no parto, está no prato,  
chamam-lhe micro pero está em todas.

SACHA NA HORTA É, PARA QUEM ESCREVE, UM ESPAÇO PARA A CREATIVIDADE, para a comunicação, para a alegria e para o desfrute. Gozamos criando temas, partilhando-os com as ouvintes e o público de concertos e festivais, choutando, cantando e tocando.

É ademais, a medida que imos medrando com essa sementinha que plantamos há já quase 10 anos, um espaço para a reflexom, para partilhar sonhos, desejos e projectar realidades mais justas nas que queremos viver.

É umha oportunidade também de fazer ativismo cultural no nosso contexto próprio, na nossa língua.

Por isso estamos orgulhosas e agradecidas de poder participar nesta publicação à que nos convidam as Fiadeiras, companheiras trabalhadoras nesta leira da dignidade e direitos das mulheres, fazendo o que mais nos presta: falar da realidade que nos rodea e que queremos transformar a golpe de melodias e ritmos festivos...Por que se nom podemos bailar nom é a nossa revolução! ;)

Convite que, coma noutras ocaçõs nas que nos reunimos para trabalhar temas, ideias para directos, etc., permite-nos juntar-nos para reconhecerno-nos como mulheres, para partilhar a nossa vissom do mundo, dos nossos corpos e emoçõs, de nós mesmas.

Falar e cantar, desta volta, do que som para nós esses micromachismos que nos atravessam, esses alfinetes que a diario nos danam, eses “pequenos” gestos, miradas, comentários, atitudes com que o patriarcado nos somete. Essas agressõs sutis (?) que che fam ficar com cara de pócker, logo a raiba, a tristura, o dano.

Foi umha reflexom moi produtiva (sairom temas como para um triple cd! :P) e que nos reafirma na necessidade de construir espaços onde partilhar experiências e sentires. Espaços onde reconhecer-nos, onde coidar-nos e identificar o que nos oprime e dana, onde construir saberes e respostas coletivas fronte as agressõs diarias de qualquer índole. Espaços onde fazer-nos fortes pra combater o machismo que se nos coa na casa, na escola, na cama, na festa, no trabalho. Espaços onde construir

tribo feminista.

Com esta ideia começamos a dar-lhe forma a um tema que esperamos acompanhar a outro feixe deles e formem parte do próximo trabalho que já estamos começando a criar. E nel esperamos contar com a colaboraçom dum companheiro querido, Xenderal, para também dende a perspectiva do homes fazer um trabalho de autocrítica, de questionamento de privilegios. Porque, como escreveu Ana Romani, “nom queremos um sitio, queremos outro lugar” e para isso precisamos moitas mulheres e homes trabalhando e sachando por um mundo novo.



# MACHISMOS DE MICRO NADA

Fotografía retrato Fernanda Pablo Andrade

## Teito de cristal

Luis Davila "O Bicheiro"



## San Valentín





# Todas putas

*Clara Gayo*



## Unprayer





## Soliloquio

*Manuel González Prieto*

*Os micro machismos: Eu abordo a cuestión dos discursos únicos, sen escoita activa. Voces imperantes que suman no silencio as demais voces do redor.*

“Soliloquio falou alto, ben alto, mais hoxe, ninguén contestou”

ERA EL BEN PEQUENO E A SÚA VOZ MEDROU RODEADA DE MOITAS OUTRAS que escoitaba, atendía con atención e polo tanto entendía. Todas elas posuían tons distintos, máis agudos, máis graves,... mais todas compartían unha mesma paixón, que non era outra que imaxinar xuntas, unhas coas outras.

Entre todas inventaron historias inverosímiles, riron, choraron, construíron discursos novos e chegaron a vivir un sen fin de peripecias que lles achegaron a insospeitadas situacións, abríndolle mundos novos endexamais imaxinados polas máis soñadoras.

Naceu así unha nova forma de se comunicar, sen atopelos, moi respectuosa e participando unhas das outras, polo que o segundo son, recollendo o fío da primeira intervención, continúa lizgairo para que sexa a terceira quen se sume as súas predecesoras, primeira e segunda voz. Un crebacabezas en constante rotación, na que a primeira da paso a segunda quen, escoitando con moita atención, cede a súa quenda á cuarta e de novo a terceira e moitas outras despois.

Escoitan e falan, escoitan e falan! –Sostén Soliloquio tempo despois. Que embrollo isto! –Mais o único que fixeron esas voces, foi deixar voar a súa imaxinación todas a un tempo.

Berraron e camiñaron xuntas cargadas de esperanza e comprensión mutua, e fóra a compaixón!

Compre dicir que nalgunha ocasión todas cometeron algún erro, como non! Mais tamén é certo que é de boa compañeira desculpase a tempo e aprender o significado acompañado da praxe da palabra PERDÓN.

Foron moitas as historias que escoitou Soliloquio e por iso foi moi feliz durante a súa infancia. Sendo meniño saltou e cantou, e como neno que foi, non se preguntou por outra posible realidade que non fose a por el vivida, mais a día de hoxe pregunta:

—Será iso que chaman “escoita activa”?

—Será unha vivencia non usual ou pouco natural?

Pasaron os anos e a crianza foi medrando. A súa voz foi tornando máis grave, o volume das súas intervencións máis alto e ousado, ao tempo que a súa capacidade de escoita minguaba. A apertura do seu tímpano e as concavidades do seu oído cada vez máis pequenas pola falta de exercicio, e a súa xordeira medrou e medrou.

Chegou un día no que todas aquelas voces que anos atrás latricaban rebuldeiras unhas tras das outras, deixaron de ser escoitadas ficando en silencio, desaparecendo aquelas que contaban historias, que daban consellos, que preguntaban polas demais, que animaban a intervir as máis temerosas de participar e as que tiñan por costume sentarse ao carón daquelas que, en ocasións, se sentían soas ou desanimadas.


A concordia tornou en imperativo e posteriormente en silencio.

Que foi o que fixen? –Pregunta Soliloquio.

Soliloquio falou alto, ben alto, mais hoxe, ninguén contestou.

## Micromachismos de bata branca

*Olalha Barro*



ENTREI NA CONSULTA CARGADA DE DIGNIDADE E ANOS DE TRABALLO feminista. Debaixo do brazo Judith Butler, Casilda Rodríguez e Fina Sanz, as palabras de Carme Valls na cabeza, nas costas a forza de miña nai, miña avoa e bisavoa e ao fronte nengún muro o suficientemente alto para min.

Fun alí por unha dor de cabeza que nom paraba, días, semanas, todo o día con dor. Escoitaba a Tareixa Ledo: “temos os corpos dispostos para a dor...” e cheguei a el. A dor converteuse en angustia e a angustia en medo. Por iso fun, a pesar do reacia que son a aceptar a doutrina da bata branca porque sei que nos invisibiliza, que nos fire, que nos victimiza e que nos patoloxiza.

Diante de min, un señor de mediana idade com expresión forte e movementos seguros. Véselle no ollar, ninguén nunca lle leva a contraria. El sabe. El pode. Coa expresión que podería ter Deus, de existir, cando creou o ceo e a terra. Soberbio, decidido e posuídor de toda a verdade. No momento que me sentei, sentínme núa, soa e indefensa. Agora vexo ese momento deformado, como se el fose unha especie de doutor Frankenstein e eu unha pulga á que amaestrar para xogar no seu circo.

Escuetei da súa voz, con ar de autosuficiencia e con cara de ter vencido unha carreira na que eu nom sabia que estaba a participar, dime:

—Tes ansiedade.

—Eu escueto: “histérica”.

—Tes que tomar ansiolíticos e valoraremos os antidepressivos.

—Eu escuito: “Electroshocks”.

Cando son quen de arrepoñerme ao que está dicindo (eu? Imposíbel!), digo con voz apagada, case nun susurro:

—Prefiro non tomalos, se cadra con algún cambio na miña vida...

Outra vez esa expresom triunfadora, os ollos iluminanse como se acabase de ser coroado emperador e sorrí dicindo:

—Olvidalo neníña, no tienes nada que hacer. Estás fatal.

Non son quen de asimilar que está a dicir, non sei se polo contido, ou polo ton. Eu cada vez síntome máis pequena e enferma.

Pregunto con pouca convicción:

—Dis que o corpo é só unha cuestión química?

Responde con seguranza e determinación:

—Sí, el resto son chorradas. Si no le das esto, no vas a curar nunca.

Depois de pasar unha hora tumbada na súa camilla, nas súas mans, baixo a súa influencia. Saio desarmada, confusa e tenho ganas de chorar. Só fai falta unha hora e síntome abandonada. Xa non me acompañan nin Carme Valls, nin Fina Sanz, nin Tareixa Ledo, xa non sinto o meu poderío interno, se houberse unha pá recollería os meus pedazos do chan. De repente, son unha doente e sinto que non podoo facer nada para sanarme a min mesma. Tantos anos de traballo e luita e só faltam umhas 20 palabras para acabar con todo.

De repente, como boa muller, o eco da palabra fracaso, fracaso, fracaso, fracaso non me abandonaba. Como feminista, como nai, como filla, como compañeira, como amiga, como traballadora. O fracaso materializábase nesa pequena pílula que chaman ansiolítico. Por fin, entraba nas estatísticas que eu mesma levaba anos repetindo en diferentes foros. Somos nós, as mulleres, as que tomamos os seus fármacos para paliar a dor que nos provoca esta sociedade patriarcal e doente. Somos

“Para min foi lección de humildade e grazas a esas mulleres recuperei toda a forza perdida. Os micromachismos tamén están en nós. Manteñámonos alerta”

nós quen tomamos os seus fármacos para non parar de coidar e non coidarnos. Somos nós quen tomamos os seus fármacos para poder limpar, traballar, estar e rachar co teito de cristal que parece ser o único que nos resta por rachar ás mulleres.

Rota. Así me sentim. No fondo da miña angustia, saquei forzas. A pouca dignidade que me restaba servíume para mudar os ansiolíticos polo ximnasio e unirme a ese río de mulleres que observaba desde a distancia e que as pensaba escravas do patriarcado e os seus modelos de beleza imposíbeis. O que non sabía é que alí se criaba un espazo seguro para as mulleres e falabam, si, falabam, as enmudecidas tiñamos voz.

E eu escoitaba atenta o relato de cada unha delas. Todas tiñan ou tiveran diagnosticado ansiedade ou depresión, ou todo xunto. Un día, unha delas falou da súa ansiedade e da súa angustia, eu mireina aos ollos e vina rota e perdida. Sentina moi perto, como miña irmá. Esa muller de pérolas brancas nas orellas, de pelo tinxido de loiro, de uñas perfeitas e de roupa branca, lisa e conxuntada era miña irmá e deume forzas, moitas...

Para min foi lección de humildade e grazas a esas mulleres recuperei toda a forza perdida. Os micromachismos tamén están en nós. Manteñámonos alerta.



## E que fan tantas mulleres xuntas?

*Tareixa Ledo Regal*

TURURURUTÚ... KOMPAS KEDADA MAÑÁ PARA TRABALLO KOMUNITARIO NA casa e despois xantar. Era Carlos. Noutros tempos as campás da igrexa parroquial chamaban para o labor, agora era o tintineo familiar do guasap...

Xa que logo, aquela mañá de marzo xuntámonos na casa de Lucía e Carlos e as súas tres crianzas: Nico, Xacobo e Sariña, unha fermosa bebiña de oito meses. Tocaba facer leña para o inverno e chegamos aló uns corenta brazos, áxiles para a faena. Para picar leña, Xan, Milucha, o Pipo e mais Carlos eran quen estaban con máis disposición. Para fender os tocos máis revirados e resistentes roldáronse unhas e outros: todo o mundo quería iniciarse no manexo da máquina recen estreada unhas semanas atrás. Para carrexar os tocos preto do leñeiro, apuntáronse Marta, Merche, Blas –o pequecho de Ramón e Merche, de sete anos, que tanto facía como desfacía–, e Iago, o rapazolo de Xan, que de seguida cumpriría os quince anos e andaba vivo para rematar canto antes, que quedara cos colegas en Caldelas. Finalmente, para meter a leña, estaban Lucía –a da casa–, Bernardo e María, que se afanaban a ordenar toco a toco con moito xeito no leñeiro.

Entre risas e conversas, suor e cervexiñas frescas, a leña queda feita e máis metida, bo traballo! Van dar as tres da tarde. Hai alegría no ambiente e arrecendo a comunidade. Vai calor, loce o sol.

A xantar! A xantar! É o Pipo quen chama. As potas levan un bo anaco á espera, ao calor da vitrocerámica posta ao mínimo. A mesa está disposta fóra, na aira, resgardada por unha sombra. É o labor doutros brazos, tamén áxiles, os de Berta, irmá de Carlos e boa cociñeira. Iso si, coa colaboración inestimable aínda que nada constante, de Susaniña, Nico, Xacobo e Silvia que botan unha man entrando de cando en vez da aira para a cociña –ou, se cadra, entrando da cociña para a aira que, posiblemente, ese é o espazo que senten como máis propio–. Ese día, tamén eu escollín

cociña: recen operada de cataratas, buscaba protexerme da luminosidade do sol e dun excesivo esforzo físico.

Agora toca xantar... Xente de conversa ao redor da mesa, falando de que ben o fixemos e en tan pouco tempo!, falando de pásame a ensalada, que ten boa pinta, falando de se mercar casa ou non mercala, falando de que as crianzas están a se mollar coa mangueira e de que igual se arrefrían, falando da crise e do Vicente que quedou no paro, un amigo máis no paro... Falares e máis falares...

—Esta fin de semana voume á illa de San Simón –apunto eu– que vou facilitar un obradoiro (agora ando niso do autocoñecemento para o cambio, das relacións para o bo trato e demais maravillosos e sandadores enredos).

—Si? preguntan varias voces ao unísono, picadas pola curiosidade ou se cadra amosando simplemente ese espontáneo e algo degorado interese propio das conversas de sobremesa.

—Si, é o Encontro Anual das mulleres do Sindicato Labrego Galego e todos os anos xúntanse máis de cen labregas de todo o país, doume présa en explicar.

—Carallo, cen mulleres! Lonxe de min! É a voz de Bernardo, firme e contundente, desde a outra punta da mesa, agora chea de doces, cafés e infusións diversas. Bernardo é un home bo e comprometido, pacífico onde os haxa.

—E que fan tantas mulleres xuntas toda unha fin de semana? Engade Marta, amosando certa incredulidade e algo de sospeita. Marta, sen dúbida, é muller intelixente e espelida para a vida.

Quedo muda, abraiada. Mesmo, por uns instantes, case que sen respiración.

Bernardo traballa coma profesor de instituto e o seu alumnado adóroa. Está a piques dos corenta. Marta, ela, é doutora no Hospital Provincial e tamén da clases na facultade uns días á semana. Cos seus cincuenta e poucos anos, é unha profesional recoñecida no ámbito hospitalario e académico.

Tan só me abondan uns segundos para recuperar a fala e reiniciar con entusiasmo a conversa...

## Muller por dereito

*Eva de la Torre Conde*

GUERREIRA CON FLOR POR ARMA. AUTORIDADE DE VOZ PASENIÑA. DIRECTORA da orquestra da vida. Banqueira das adquisicións propias. Sacerdotisa da propia relixión. Bailarina de ballet ruso en matria libre e obreira da construción rematada. Loitadora de soños que tornan realidade. Muller sentida home entre varóns.

Todo isto quixeramos ser en poema igualitario para homes e mulleres, que non fose feminista, desconformando os dereitos mandatarios, sen favores, solo sendo mulleres e galegas a un tempo, por dereito.

**GUERREIRA**

**CON FLOR POR ARMA**



**DIRECTORA DA ORQUESTRA DA VIDA**

## Asociación Nós mesmas

ROLDA DE PRENSA. TODAS AS PERSOAS QUE A COBREN, MULLERES. O home que comparece comeza desexando bos días a “este precioso ramillete”. Non o imaxino dicíndolle o mesmo aos nosos compañeiros varóns...

CENTRO DE TRABALLO. PARA UN DOS XEFES, TODOS OS MEUS COMPAÑEIROS homes teñen nome. As mulleres somos, por norma, “criatura”. “Criatura, ven; criatura, toma...” Ante as miñas protestas, a resposta tipo: “A ti que che pasa? Tes a regra ou que?”

TAMÉN NO TRABALLO. HAI UN FLUORESCENTE QUE ESTÁ A CHISCALO ollo desde hai tempo. Chega un compañeiro a revisar. Di que o fluorescente non ten nada. Comento (máis para min que para el): “Entón é do cebador”. Sorpresa. Pregunta. “E ti como sabes iso?”

OFERTA DE TRABALLO PARA TÉCNICO INFORMÁTICO. EN MASCULINO. PRESENTÁSE un home e unha muller. Consigue o posto o home. Razón da empresa: “as mulleres informáticas non inspiran confianza, a xente non se fía de que saiban facer as cousas”.

NA FERRAXERÍA. PIDO VARIAS COUSAS POLOS SEUS NOMES: TIRAFONDOS, tacos do número oito, escarpías... e outras máis. Mentres prepara o paquete, o ferraxeiro pregunta “Nena, non necesitarás un martelo?” Resposta: “non, pensaba cravar os cravos co tacón de agulla do zapato”. O tipo rosma que tampouco é para poñerse así... que me estaba axudando.

NO SUPERMERCADO. PASA UN HOME SEN MIRAR, ARRASANDO CO CARRO. Está a punto de tirar a unha muller moi maior. Chámolle a atención para que se fixe, porque pode tirar coa xente. Seria, pero sen alterarme. Bérrame coma un tolo: “ Que mala hostia tes, así tes esa cara de amargada, que non hai dios que te queira”.

TAMÉN NO SUPERMERCADO. NORMALMENTE OS HOMES QUE FAN A compra ocupan todo o espazo cos carros; remexen e len as etiquetas durante moito tempo, impedindo o paso; e xa son especialistas en colarse facendo preguntas ao persoal, mentres as mulleres agardan á súa quenda. Nin se che ocorra dicir nada, se non queres que chovan insultos e malos modos.

SENTADA NO AUTOBÚS. SUBE UN RAPAZ QUE SENTA AO MEU CARÓN. Totalmente escarranchado. Eu, coas pernas xuntas. Ocupa a metade do meu sitio. Pregúntolle se pode afastarse un pouco, para non invadir o meu espazo. Chámame histórica entre dentes.

O DAS POSTURAS MERECE CAPÍTULO ESPECIAL. OS HOMES SITÚANSE COAS pernas abertas, estorbando o paso; falan no medio da beirarrúa; saen dos portais sen mirar; sentan coas pernas abertas nos asentos contiguos (fixádevos ben)...

E EN CANTO AFEAS UNHA CONDUCTA, OU PIDES RESPECTO POR ALGO, OU protestas polo máis mínimo, o primeiro que escoitas é que precisas un bo revolcón, que nunca che deron o teu, que es fea, que non hai quen te ature...

## Marzo

### *Mai Insua*

PENSO, EN ALGO PEQUENO... ALGO QUE EN APARENCIA SEMELLA PEQUE-  
chiño mais que acaba por impactar fortemente no mundo. Como un bico.

Vexo, unhas mans de muller vella enfiando unha agulla, e gotas de saliva  
entrando por todos os poros.

Escoito. Baleiro

Penso, na heterosexualidade obrigatoria esvaecendo posibilidades. Esvaecéndo-  
nos, en(a) realidade. E camiño mentres as miñas vidas pantasma camiñan en para-  
lelo a min, entrelazándose e danzando coas pantasmaas túas.

Vexo, a unha neniña mirando o meu primeiro beijo con outra muller, e ao seu pai  
tirando dela pra levala lonxe.

Sinto, as mans da miña avoa sobre min, e escoito a súa voz: “¿te quiere? ¿te trata bien?”

Inhalo, o ar contaminado e escaso que deixa o masculino pesando no mundo. E  
penso, en todos os momentos nos que ser muller significou violencia

(r)existencia

Expiro.

Sinto, a saliva enfiándonos a pel.

Respiro, todo o osíxeno dos teus xemidos na miña boca.

Escoito, que isto non existe.

Sabes? Tí, que les. Gostaría de algo pequeno...

De que escoitases os meus latexos un día enteiro dentro dos teus oídos. De que  
só puideses dixerir a través do meu estómago. De que estendeses as mans pra soste-  
r a miña paciencia toda. De xuntar os meus momentos da vida cos teus pra ver a que  
soan. De transformar a miña raiba no máis delicioso e darche de comer na boca.

De algo micro, só.





## Micro-reflexión sobre o Micro machismo, Microqué?

*Patricia Porto Paderne*

### **Microqué?**

ENTENDO A INTENCIÓN DIDÁCTICA DO TERMO MÁIS XERA EN MIN DESCONFianza... Onde rematan os micro-machismos e comezan os "normais" ou os macro-machismos? Parece que ao facelos micro son menos graves, parece que si se nos micro-invisibiliza, se nos micro-obxectualiza, parece que, mesmo, si se nos micro-desacredita cando estamos no ámbito público, ou que se nos micro-atribue-o-rol-tradicional-feminino a nosa resposta ha de ser micro-protesta?, porque parece que non é para tanto. Máis todo forma parte do mesmo esquema de poder... Se o trasladamos ao tema do racismo tamén estaríamos dacordo cos micro-racismos...? Non concordo definitivamente con este concepto.

# Blogueras

## Berta

E CERTO, QUE SE TE PARAS A PENSAR, ATA A MÍNIMA ACCIÓN DENOTA unha educación sexista, diferente por ser home ou muller (na maioría dos casos). Por exemplo, eu véxoo na actitude do meu tío. El vive nunha aldea galega con miña avoa. Sempre traballou no campo e segue vivindo diso (pero a súa nai e as súas irmáns tamén traballaban no campo), aínda así, quen tiña que poñer a mesa, fregar os pratos, facer as camas, limpar, etc. eran e son elas. E a “escusa” de que el non o fixera e que non o faga agora, é sempre a mesma, que traballa moito e o traballo é duro. E preguntóme, o traballo de ama de casa non é un traballo? Iso non se valoraba e non se valora. Pois tamén é un traballo, e tamén é duro (o vexo cando miña nai volve de traballar todos os días). Sendo os dous traballos, non vexoo o inconvinte de que el colabore tamén nas tarefas de casa. Pero non é así.

Ademais destas pequenas cousas, un día tivemos unha discusión a raíz de estar vendo o telexornal, e decidín que non falaría máis do tema con meu tío porque era un caso perdido. Estaban dicindo un dato estadístico de mulleres que morreron por violencia de xénero. Entón, fixen un comentario de rabia e indignación por estas mulleres. Comezamos a discutir sobre o tema, el xustificando a violencia machista e eu defendendo a liberdade de ambas persoas nunha relación que non ten por que estar sometida a ningún dominio. Ao cabo dun rato, díxenlle que o primeiro home que me puxera a man encima non tiña máis que facer. A isto, contestoume que entón me daría coa tixola na cabeza. Vin neste comentario o papel que a muller ten para a orde patriarcal, o de ser sumisa, e a brutalidade do pensamento machista cando os homes se cren máis que as mulleres. Por isto, cada día loito pola relación de igualdade entre mulleres e homes.

## *María*

A FIN DE SEMANA PASADO SAÍMOS UN TANTO ESPANTADAS DUNHA PELÍCULA sobre quenllas que fomos ver ao IMAX 3D en Barcelona. Na mesma, ao falar dunha especie de quenlla que moitas veces mata á femia ao copular, indicaban “ya sabéis, en todas las casas se cuecen habas”. Unha barbaridade. E isto nun documental cun claro formato didáctico. Explicar esa faceta da quenlla empregando o argumento que ten sostido o non cuestionamento da violencia de xénero durante anos é unha animalada.

## *Nieves*

EFFECTIVAMENTE, TODOS ESES “INCIDENTES” QUE REFLEXADES E MOITOS máis vivimos as mulleres, aínda que non sempre se recoñezan (ou sexan conscientes). Exemplo persoal: veciño que mentres me entretén con preguntas absurdas, vai subindo as súas mans pola miña perna até chegar ás bragas. Eu tiña 8 anos, voltaba da tenda cun kilo de patacas, era tarde e estaba nas escaleiras da miña casa. Non entendía o que pasaba pero si intuía que non era normal e cando empezou a baixarme as bragas tireille as patacas e saín correndo. Ao chegar á casa, contei o que me pasara, mas non dixeran quen fora. Meu pai saíu à rúa cun coitelo e supoño que eu intuía o que podía pasar se o desenmascaraba. Non o sei. Hoxe penso que se o dixera, meu pai estaría preso pero o outro non abusaría nunca mais de ninghuna nena, segurísima estou de que o fixo. Non voltei saber máis del, tampouco o entendo porque vivía no portal do lado... Este non é un exemplo de micro-machismo, máis ben de violencia pura e dura, aínda que o meu propio encubrimento do agresor sendo tan nena reflexa esa interiorización tan profunda que levamos às costas. Grazas dunha educadora social que non exerce e que vive lonxe da Terra.

## *Raquel*

A ESCENA DO BAR...OU DO RESTAURANTE. ACHÉGASE O CAMAREIRO E pido (eu) unha botella de viño. Amablemente ofrécelle a proba ao amigo que me acompaña, e explicolle que el de viños non entende moito.

A miña irmá, miudiña, é condutora de autobuses. A diario ten que escoitar referencias ao seu traballo e ao seu físico. A situación é tan normalizada que nin se molesta. Aproveito ademais para achegarvos un (macro)machismo , un tanto controvertido, asociado á cultura e á tradición, por se nalgún momento vos presta (re) pensar sobre o asunto...

...e remato coa firme convicción de que o cambio pasa por todas e todos en todos os ambientes da nosa vida: ocio, laboral, educativo, persoal... e por falar, consensuar, repensar mil veces pa dar pasiños...

## *Montse*

SENTINME MOI REFLEXADA NAS EXPERIENCIAS DAS QUE SE FALA NO artigo.

A mín tamén me pasou o tema do veciño adolescente.

Tiven que darlle un bofetón diante doutros amigos e desde ese momento aínda é hoxe o día que non me fala, e disto fai xa 20 anos.

Tamén me vexo reflexada na historia do bar e dos amigos dos adultos, ou persoas de confianza no entorno. No meu caso era o cura da parroquia e xogaba a contarme as costelas, mentres eu estaba no seu colo! Eu sempre quedaba pensando se aquilo era normal. Agradable non me resultaba, e de feito tampouco agora me resulta agradable toparme con ese cura, xa retirado.

E xa non falemos das preguntas indiscretas, que a xente fai por costume, tipo “¿e para cando os nenos?” Incluso entre bromas e risas da familia, os comentarios

de “pasaseche o arroz”. Eu nesec casos non sei que facer ou dicir, as veces, cando non teño confianza, sorrío e digo “aínda non”, a pesar de ter moi claro o non. Outras veces, cando si teño confianza, enfádome e digo “xa está ben, non vai a ser cando digades, e o mellor non vai a ser”.

Teño 36 anos, imaxino que aínda me quedan uns cantos arroces por retorcer, sobre todo canto máis preto dos 40 me atope... e así unhas cantas historias máis...

### *Anónima*

TEÑO UNHA AMIGA QUE TEN UN TRABALLO MOI DE TÍPICO DE HOMES. É A única muller alí. O curioso é que a xefa (muller) fala dun xeito que... a separa. “Dile a Carlos que venga”, “Dile a Fernando que vaya”... pero cando se refire a ela... “Dile a la niña que...”

¿Porqué “la niña”? Ten nome, cara, ollos... É “la niña”. Se lle retira a identidade e anima aos demais a retirarlle, a tratala de xeito diferente e condescendente...

### *Eva*

CLARO QUE SÍ, A VIDA DAS MULLERES ESTÁ CHEA DE MICROMACHISMOS. Todas esas cousas que contades e moitas máis pasáronme tamén a mín na miña adolescencia, xuventude. E tantas que se siguen dando na actualidade e máis, cando por idade, xa nos convertimos en especialistas do “coidado”, para os outros, eso sí!! Para nós nada. En fin, quedanos apostar por máis educación social na familia, máis educación social nos grupos, e máis educación social na rúa, que arestora, debe ser tamén reivindicación e pataleo polos nosos dereitos.

## Viaxe de negocios

*Sabela Núñez Singala*



É VENRES, ÉRGOME, ESPERTO ÁS NENAS, ALMORZAMOS, LÉVOAS AO colexio e diríxome á clínica onde traballo media xornada como auxiliar de enfermería; recollo as nenas, poño a lavadora mentres quento o xantar, visito a miña nai enferma aproveitando que elas están na piscina, voltamos a casa, duchas, ceas...

O meu amor está a piques de chegar, acaba de coller un taxi no aeroporto tras unha exitosa viaxe de negocios.

Á fin chega, bícame nos beizos e abraza ás nenas. Elas axiña se acubillan no seu colo, arrodéanlle o peito cos brazos e bican emocionadas ... a súa nai!

## Alternativo (é) feminista

*Juanjo Lorenzo Castiñeira*

ACOSTUMADO A FRECUENTAR AMBIENTES SOCIAIS CRÍTICOS CON DIVERSOS aspectos do sistema, tanto a nivel institucionalizado como popular, non deixa de abraíame a crispación producida cada vez que se introduce o termo de feminismo. Ben sexa para incluílo nuns Estatutos, como valor asociado a un grupo de traballo/empresa/colectivo ou mesmo no recoñecemento público e persoal; tanto para mulleres como para homes significa introducir un tema delicado co que haberá que confrontar toda sorte de idearios teóricos que escurecen a realidade. O formato da conversa que se deriva doutros debates prototípicos –de orde ambiental, política, económica, etc.– non suscita a mesma controversia, aínda existindo unha amplitude de posturas e alegacións. Posicionarse como feminista en contextos nos que as persoas que os integran se consideran tremendamente progresistas e libertarias ofende no máis profundo a quen non é capaz de declarar o seu feminismo sen matices, sabedor dunha carencia importante que non é capaz de superar. Tomando consciencia de que son moitos os ambientes sociais nos cales o feminismo resulta violentamente rexeitado, cabe reflexionar precisamente sobre aqueles outros espazos nos que, as persoas que os integran con intencións e accións, se consideran alternativas. Máis aínda cando existe o recoñecemento e a consciencia do patriarcado, elaborando ao efecto unha listaxe –baleira– de argumentacións que amosan a súa desconformidade co “ser feminista” e acadan o cénit referindo que “iso é o mesmo que ser machista”. É precisamente ese contexto, tan pretendidamente igualitario e crítico, o que máis profundamente dana as esperanzas de normalizar unha necesaria mudanza de actitude. Porque a partir de aí, sería o momento de traballar activamente, dende a micropolítica cotiá, para ir estendendo un xeito san e saudable de concibir as relacións humanas. En resumo, que non hai nada máis parecido a un machista de dereitas que un machista de esquerdas.

## Sen título

*Lucía Aldao*

Que as tías mans habían ser os teus ollos  
é algo que sabe a terra bastante mellor ca min,  
que foi con elas con quen criaches fillas e cortaches leña,  
pequena haiku que concentras a verdade sobre as estacións,  
sobre o día a día que protagonizas inmensa ...  
(non hai imaxe que te conteña). O tesouro da  
túa memoria salvaranos da fame  
sempre,  
e non saber de ti será morrer un pouco,  
ignorar que detiveches o inverno a golpe de lareira,  
cen mil ferrados de sabas que lavaches e de bocas ás que deches calma.

E ladraches. E sorriches.

E non posaches para esta foto, simplemente  
viviches.



# Tecedora de min

*Andrea Nunes Brións*

**1**

Verte é pechar todos os cuartos das miñas mans,  
tecer e pobreza.

Tragar saliva e rogarlle a un deus que non existe,  
que te leve. Retorcer as palabras e rillar entre os dentes  
berros púrpuras.

Esconderte nas paredes e correr a borrarte  
mentres cun xiz escribo

os nomes de todas as lavandeiras do Morrazo.

Logo tecerte, enferma de ti. De tecerte, rabia. . . De  
tecer, loita. e cáenme as escamas do meu peito  
polas veces en que escollín sentar na lareira dos teus ollos.  
(agora vermello, coléricos)

Todo É perverso.





## 2

Non mirarte é dicir: non hai néboa, é equilibrio  
toda a vida levando unha nube gris na miña caluga  
sen poder ler os finais dos contos.

Desposuírme de ti, do que conleva esa mirada,  
xa non correr,  
caer pedazos, pola rúa, de min,  
e terme que consentir que os foras pisando.  
Unha meixela vetusta, que renace preto do imposible,  
pero Posible.

Tamén eu,  
a tecedora,  
a que saltou as casas todas e sentei neste verso.  
A que falou alto e quedou pendurada dun ceo...  
agora inmenso, temperado,  
agora telúrico e rítmico,  
a tecerme a punto de calceta.

Tamén eu,  
xa,  
tecedora de min.



## A pigmantaçom das plantas

*Maria Rosendo Priego*

dói-che a terra  
mas nom che doem  
as feridas  
das mulheres  
quando as penetrar  
a expanssom das sementes do heteropatriarcado  
esta fumigaçom  
com sulfato  
rosa  
e amor romântico  
mil cincocentos anos  
a dizer  
que eram boas  
para as plantas  
a reproduçom monógama  
a perpetuaçom da espécie  
a supervivência do mais forte dói-che a terra  
mas nunca escuitaste  
a sua voz  
falaste tu por ela  
pugeste no seu corpo  
os teus privilégios  
porque era difícil  
renunciar ao poder  
entender o sangue

das flores  
que arrincamos  
para adornar jarrons  
para o nosso deleite  
de insatisfaçom materialista era preferível  
pôr-lhe um nome  
à flor  
antes que entender o seu processo  
de pigmentaçom era mais suportável e menos profundo para vós

## Quéro(me)

*Gema Zunzunegi*



FARTA DE QUE COLONICES O MEU TEMPO, O MEU ESPAZO. FARTA DE QUE ocupes o meu lugar. Farta de que invisibilices a miña figura e silencies a miña palabra. Farta de que minusvalores a miña opinión. Farta de que queiras cambiar coitado por submisión. Farta de estar na segunda fila, de ser esa gran muller que está detrás dun gran home. Farta de ter que me preocupar da miña seguridade polo feito de ser muller. Farta de estar farta!

Por eso:

Quero ocupar o espazo que me pertence, sen que me invadas.

Quero que pidamos unha cervexa e un refresco e me sirvan a min a bebida alcohólica. Quero ter a palabra en espazos públicos na mesma proporción que a tes ti.

Quero que a miña opinión teña o peso que lle corresponde nunha toma de decisións.

Quero ter a liberdade de elixir a roupa que me viste, sen que a túa mirada ou a túa palabra me acose.

Quero dispoñer do meu tempo libre do mesmo xeito que o fas ti, libremente.

Quero poder volver a casa a hora que me pete, sen ter que pensar que camiño é máis seguro.

Quero deixar de escoitar certas palabras que constrúen unha realidade que me sitúe por tras: coñazo, señorita, princesa . . .

Quero reapropiarme de todo eso que intentas utilizar na miña contra.

Quero tomar o control da miña vida, sen sentir presións externas do que sería correcto facer.

Quero que me trates con respecto.

Quero que me trates dun xeito xusto.

## Maltrato

*Isaac Castro Neira*

Infancia interrumpida,  
inocencia arrebatada,  
portas pechadas  
por medo, escuridade  
incomprendida  
coma medrar sen tempo  
pra comprendelo...  
...Vítimas.

Sensibilidade durmida  
por educación herdada.  
“Ignorantes” da vida,  
arraigados en vellas  
e apodrecidas costumes  
aínda non extinguidas...  
...Machismo.

A mirada no chan.  
Co corazón nos pés,  
ca alma doída.  
Doída polos golpes  
da indiferencia,  
dun amor traizoado.  
Coma os berros  
que rompen o silencio...  
...Violencia.

Sangue que ferve.  
Consumidos.  
Anulando a razón  
entre golpes escusados  
sen que importe o motivo  
ou as consecuencias dos propios actos...  
...Verdugo.

## Epílogo



## Lola Ferreiro Diaz

RECIBIR A CHAMADA DE FIADEIRAS PARA ME CONVIDAREN A FACER UNHA achega, a modo de epílogo, a esta obra colectiva e ler despois con atención o resto dos pronunciamentos para me quedar, sen deixar nada, coas claves de cada un deles, faime sentir orgullosa e moi, moi agradecida. Orgullosa de compartir camiño cara a igualdade con tantas compañeiras comprometidas. Agradecida da confianza que depositan en min para esta responsabilidade, da que agardo estar á altura. Agradecida do respecto, cariño e do coidado co que sempre me sentín tratada por elas. Agradecida, en suma, de poder estar aí, con todas vós, compartindo este combate pola nosa liberación, que ás veces semella interminábel e outras non tanto... pero que, non teño dúbida, paga moito a alegría (e tamén a pena) de librar...

E, falando de machismos... un día decatámonos. Antes ou despois sempre chega ese momento. Descubrimos que iso de *cabalo grande, ande ou non ande* é unha trampa patriarcal, que o tamaño das cousas non é o máis importante (ás veces, nin sequera ten importancia ningunha), que é máis interesante *mellor* que *máis*, e *ben* que *moito*. Facémonos conscientes de que preferimos que nos traten mellor a que nos traten máis, que nos queiran ben a que nos queiran moito e, madia leva!, que estean ao noso carón que diante, detrás, enriba ou embaixo. En definitiva, eliximos que o cabalo ande, independentemente de que sexa grande, pequeno ou mediano.

Xa o din (e moi ben, por certo) as nosas Fiadeiras, "Os *micromachismos* envolven o cotiá coa súa presenza sutil, máis non por iso menos importante. O efecto que teñen é igualmente devastador, pois anulan os desexos, as aspiracións, as decisións, os divertimentos da metade da humanidade, sempre da mesma metade. Non hai nada de micro no seu fondo, ás veces tampouco na súa forma." Entón, por que acuñan este termo, para despois definilo coma un conxunto de elementos de control e de dominio, de *baixa intensidade*?. Velaí unha das trampas: a intensidade é un parámetro cuantitativo, é dicir, vale para medir o tamaño das cousas, a canti-

dade. Por que non o utilizamos para medir o impacto que causa a machada a quen a recibe, no canto de usalo para medir o tamaño da machada en si?.

Preguntémonos canta (e desde logo cal) é a intensidade do sufrimento que lle causa a unha moza que lle bisben obscenidades a modo de gabanzas, nomeadamente cando lle gravaron a lume de mil maneiras, desde que naceu, que se nos as recibe é porque non é atractiva e, xa que logo, non vale nada?. Porque, como nos di Anxos, ás rapazas non lles gusta ser obxecto de bromas obscenas e moito menos de insultos, pero tampouco ser ignoradas. Xa que logo, sofren (e non pouco) cando son tratadas coma obxectos sexuais e sofren tamén cando non lles din nada, porque se senten transparentes, invisíbeis, pouquiña cousa.

Ou, cal é o sufrimento (e canta a súa intensidade) que lle causa a Uxía (ou –como di Maite– a Carme, ou a Xiana, ou a María) que un mozo lle dea unha labazada no cú ao cruzarse con ela pola rúa e, máis aínda, que cando lle conta isto á xente coa que traballa, haxa quen lle resta importancia, ou mesmo haxa unha muller que lle sinala *polo menos gustácheslle a un rapaz, non? Pénsao así*. Pódovos asegurar que a tristura, o desazo, o incomodo e a culpa que sente a Uxía, non son precisamente de baixa intensidade.

Cal é o sufrimento (e canta a súa intensidade) que sente unha muller cando un home a agarra por un brazo, nun local público, e tira por ela para que baile con el (queira ou non) e lle faga burla cando se resiste e o pon no seu sitio? Canto e cal é o sufrimento engadido que lle causa que, cando dá o paso de denunciar publicamente este comportamento a sometan a todo tipo de insultos?. A impotencia, a rabia, a angustia e o desacougo non son, pódovos asegurar, sufrimentos de baixa intensidade.

E o sufrimento que lle causa a Nieves que, de nena, o seu veciño adulto lle toque entre as pernas mentres a entretén con preguntas absurdas, sen ela entender nada do que está a acontecer?. Pódovos asegurar que non é baixa... nin moito menos!

Canta e que tipo de dor lle causan a Olalla as palabras do médico, cando acode

a el por unha forte e persistente dor de cabeza, e lle ordena que tome ansiolíticos... e xa se verá se antidepresivos tamén? Canta á nai do Leo a frivolidade de que a *engurra sexa bela*, a costa da explotación de centos de mulleres que, coma ela, fixeron engurras en todo o corpo (agás nas xemas dos dedos) cosendo longuísimas xornadas por un mísero salario? Canta á Mai que ve aquel home tirando da súa filla pequena para que non vexa o bico que se dá con outra muller? Canta á Marquesiña, así chamada porque súa nai fora violada por un marqués, e que non ía á escola porque non tiña cambra para vestir nin zapatos para se calzar?. A angustia, a culpa, a vergoña, implican un sufrimento de gran intensidade. Sempre.

Así poderíamos seguir, enumerando situación concretas que (seica) entran na categoría de micromachismos... coma a do home (progre e comprometido) do que nos fala Tareixa, e que ante o anuncio dun encontro de fin de semana ao que irán cen mulleres, exclama (e proclama) “Carallo, cen mulleres! Lonxe de min”. Coma a que abraía a María, ante o comentario “en todas as casas cocen fabas” que escoita no cine, nun documental onde din que determinadas quenllas matan as femias durante a cópula. Coma a impotencia e a rabia da amiga de Eva lle chaman *la niña* no traballo, mentres se dirixen polo cadanseu nome aos compañeiros varóns.

Como refire Patri, cando se nos micro-invisibiliza, se nos micro-obxetualiza, se nos micro-desacredita no edio público kfg, ou se nos micro-atribue-o-rol-tradicional-feminino... *se nos micro?*. A vulgar polo sufrimento que nos causa e polas consecuencias que ten para nós, máis ben *se nos macro*.

Cando colocamos diante dunha palabra o prefixo *micro*, empequenecemos automaticamente o seu contido, agás que falemos de microorganismos patóxenos (microbios) de probada agresividade. Non importa o que expliquemos de seguido. Non importa que digamos que a cuestión referida ten importancia. É *micro* e, xa que logo, pequeno e, no imaxinario social, o pequeno non é relevante, é cativo, non lle hai que facer moito caso. Así, falar de *micromachismos* condúcenos inexorablemente a non lles dar moita importancia, mesmo a non os identificar como formas de

violencia de xénero e, en todo caso, a aumentar as resistencias que xa existen para consideralos como o que son. O risco é que rematamos por menosprezar (ou directamente desprezar) todas esas formas de violencia que nos *preparan* (e de que xeito!) para que, cando cheguen as outras, as *macro*, as que hoxe en día se consideran intolerábeis por boa parte da cidadanía, non esteamos en condicións de responder de xeito efectivo.

Para entendérmonos, o maltrato comeza cando remata o bo trato. Non hai situacións de neutralidade. Se hai trato, ou é bo ou é malo. É certo que as máis das veces o trato non é absolutamente bo nin absolutamente malo, claro!, mais non é menos certo que, cando os sinais de coidado, e as mensaxes de amor comezan a diminuír, sendo inicialmente substituídas por *nada*, unha nada que fai percibir indiferenza, distancia e frialdade, prodúcese un baleiro emocional que nos inseguriza e nos fai perder confianza en nós... isto é *micro*?... eu diría que non.

Cando comeza o control sobre os nosos movementos, os celos das nosas amizades, da nosa familia, doutros homes, aparece a culpa por non atendelos en exclusiva, a angustia anticipada polo enfado dada a hora de chegarmos... Cando comezan a controlar o noso vestir, o noso movermos, o noso falar, aparece a inseguridade (podería ter razón?), a vergoña anticipando o medo ao ridículo social... Cando cuestionan os nosos logros profesionais ou sociais, ou nos reprochan que descoidamos as nosas *obrigas* para obtelos, volve aparecer a culpa polos ditos descoidos, o desgusto e mesmo a amargura por telos logrado... todo isto é *micro*? Eu diría que non. Só é sutil, tan sutil que mesmo non nos decatamos de que se trata de expresións de violencia. Non vinculamos o noso malestar coa causa que o provoca e continuamos no camiño de acumular frustracións, facéndonos dano a nós mesmas e impedíndonos sentir a menor satisfacción. *Micro*? Para nada!

Estes chamados *micromachismos* (ou *micromachadas*) fan que rematemos por non considerar seres humanos de segunda categoría, sexa cal for a dita categoría (laboral, económica, política, étnica, etaria, persoal, etc.). Na práctica sempre é

menos (importante, válida, interesante, solvente) unha traballadora que un traballador, unha pobre que un pobre, unha responsábel pública que un responsábel, unha negra que un negro, unha nena que un neno. En suma, ser muller é menos que ser home. Esta consideración xeral que fica no imaxinario social e que moitas veces está fóra do noso alcance consciente, promove que aceptemos calquera mensaxe que vaia nesta dirección, sexa no trato directo, sexa no eido estrutural e, desde logo, veña desde o eido simbólico.

Desde que nacemos, recibimos mensaxes que nos colocan en posición de inferioridade, de dependencia *do outro*, de minoría de idade permanente, todos os días, sen faltar un. Recibimos “esta fumigaçom com sulfato rosa e amor romântico” que nos di María e que nos impregna enteiras e nos fai crer e asumir que non somos suxeitos dos nosos dereitos, senón obxecto dos seus privilexios. Tan asumido o temos que, ou non nos decatamos sequera de que nos están a violentar, ou non somos quen de dar unha resposta á situación... e calamos, e sentimos rabia, e tristura, e culpa e mesmo amargura por veces, nomeadamente se a agresión provén da parella, do irmán, do pai... do camarada (ainssss, ese camarada tan combativo, tan intelixente, tan capaz... e tan misóxino, ás veces). Realmente podemos dicir que todo isto é *micro*?

Mais o peor ven cando comezamos a nos decatar e a dar respostas, a esixir dereitos, a non permitir que nos asoballen... ou mesmo, como moi ben representa Davila na súa viñeta, comezamos a tomar o control... Ah!, as nosas respostas, esas si que son *macro*, esas si que ofenden, esas son as que sempre provocan unha nova agresión... Entón, como din *Nós mesmas*, “es unha amargada que non hai quen te ature”, ou “precisas un revolcón, que ninguén che dá porque es fea”... ou, como din as Fiadeiras, refírense ao pobre do teu compañeiro, “o que ten que aturar”. Ou, como di o Juanjo, te chaman feminazi (ou femipolpotista, correspondente co *aloumiño* dos da esquerda).

As feministas temos por diante o reto e a responsabilidade de rematar con esta

trampa. Porque a violencia é, como escribe Isaac, “a mirada no chan, co corazón nos pés, ca alma doída...”. Non entende de graos nin de cantidades, din as Sacha na Horta: “Escoita nena, nom há violéncia pequena (...) nom estás soa: Resiste!”

Estamos, con Gemma, fartas de estar na segunda fila, de ser esa gran muller que está detrás dun gran home. Asumimos, con Evinha, que somos mulleres por dereito e guerreiras con flor por arma... e con Ana que somos personaxes realmente fantásticas, pois cada vez hai máis mans libres que tenden fíos de ferro para construír unha vía diferente, a de “Non calar. Non consentir. Non sentir culpa”, como propoñen as Fiadeiras.

O camiño é longo e, como di Andrea, todo é perverso... é moi difícil, nese fermosísimo (e terríbel) *Desposuírme de ti* co que nos deleita neste libríño.

Debemos seguir tecendo redes de apoio entre nós, respectando os nosos ritmos e as nosas dificultades, as nosas ansias e os nosos sentires. Debemos continuar no combate, con flores por armas, pero no combate cara a nosa liberación. Debemos ter moi claro, como Lucía, que “as túas (nosas) mans habían ser os teus (nosos) ollos, que foi con elas con quen criaches fillas e cortaches leña”. Porque con elas veríamos moito mellor.

A violencia é prexudicial. Obra en nós efectos demoledores e fainos profundamente desgraciadas, aínda que non saibamos a que se debe a nosa infelicidade. As máis parte das situacións de violencia son sutís, mesmo imperceptíbeis aos nosos ollos, están (témolas) naturalizadas polas boa arte coa que o patriarcado nos ensina a abnegación e a submisión... son micromachismos?

Son MACHISMOS. DE MICRO NADA!









Fiadeiras, grupo de traballo do Colexio de Educadoras e Educadores sociais de Galicia, Ceesg, nace da necesidade de xerar un espazo feminista para o encontro, reflexión e praxe profesional das educadoras e educadores sociais de Galiza; encamiñado a romper cos modelos sexistas que seguen a frear, a día de hoxe, os avances cara unha sociedade democrática e xusta, e favorecer a toma de conciencia sobre da imprescindible incorporación da perspectiva de xénero ao noso quefacer profesional.

A través desta publicación evidénciase como cunha boa organización, as mulleres podemos chegar a facer grandes e pequenas cousas (pero pode facer é o reto), considerándoo como un paso máis de unión, fortalecemento e dignidade das mulleres. Por iso, queremos agradecer a todas a vosa colaboración e acompañamento na loita feminista.